

INSTRUCCIÓN Nº 4/2012, SOBRE TRAMITACIÓN DE ACTAS E A ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA B1

A Resolución Reitoral do 2 de febreiro de 2012 pola que se aproba o recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 1393/2007 de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das Ensinanzas Universitarias Oficiais, a acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao na USC, e o recoñecemento de créditos de idiomas como créditos transversais estableceu un modelo de acreditación para as probas de competencia lingüística. Tamén estableceu o sistema de actas establecendo que *“A cumprimentación das actas axustarase ao disposto na Instrución 2/2007 da Secretaría Xeral sobre elaboración informática, cobertura, tramitación, custodia e modificación das actas dos estudos da USC. As unidades administrativas encargadas da xestión das actas serán: a Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, para as probas que se realicen no Campus de Santiago de Compostela, e a Unidade de Xestión Académica de Lugo para as probas que se realicen no Campus de Lugo.”*

A Resolución Reitoral de 3 de xaneiro de 2012 pola que se publica a convocatoria das probas de acreditación de competencia lingüística nivel B1 do curso 2011-2012, non fai referencia ás actas nin establece o sistema de entrega das acreditacións.

Co obxecto de clarificar o sistema de actas e facilitar aos alumnos a obtención de acreditación das probas de competencia lingüística, esta Secretaría Xeral dita a seguinte

INSTRUCCIÓN:

PRIMEIRO.-

Para as probas de competencia lingüística do nivel B1 elaboraranse dúas actas das probas de acreditación de competencia lingüística, separando aos alumnos polo campus onde se examinan.

Unha vez cubertas e asinadas polos responsables remitiranse ao Servizo de Xestión Académica, quen á súa vez remitirá á UXA do campus de Lugo a acta cos resultados dos alumnos matriculados nas probas de devandito campus; e á UXA do campus

sur as actas correspondentes aos alumnos inscritos nas probas do campus de Santiago.

SEGUNDO.-

As acreditacións establecidas serán asinadas polo Xefe da UXA correspondente por delegación do/a Secretario/a Xeral e entregadas na Unidade de Xestión Académica responsable das actas.

TERCEIRO.-

O disposto nesta Instrución non será de aplicación as convocatorias realizadas con anterioridade á mesma, sen prexuízo de establecer as medidas organizativas para que as acreditacións dos alumnos do campus de Lugo podan ser recollidas no seu respectivo campus.

Santiago de Compostela a 27 de marzo de 2012

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya
Lourdes Noya Ferreiro